ÍNDICE

1.GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

2.HORARIO REAL DO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA.

3.ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS ACCIÓNS PROCEDEMENTOS E RECURSOS.

3.1.TEMPORALIZACIÓN INICIAL.

3.2.DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

a)Actuacións en relación coa organización e xestión

b)Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

c)Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación documental)

d)Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro

e)Outras Actuacións

4.GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE DAS DIVERSAS ÁREAS DO CURRÍCULO

6.PRODUCIÓN DE MATERIAIS

7.AVALIACIÓN

8.PREVISIÓNS DE FUTURO

1.GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Podemos afirmar que o grao de cumprimento dos obxectivos propostos é moi satisfactorio no que respecta tanto á implicación dos profesores coma ao nivel de participación dos alumnos e alumnas, aínda que o noso desexo é seguir traballando por conseguir un aínda mellor nivel de lectura comprensiva e escritura nos nosos alumnos/ as, entendendo esta como base de todas as aprendizaxes.

Hoxe é total o consenso entre os profesores e profesoras do claustro sobre a necesidade de impulsar o hábito lector como un dos mellores camiños para evitar fracasos escolares, polo que a participación en calquera actividade encamiñada á consecución destes obxectivos se formula e desenvolve con rigor, agrado e moito interese por parte da Comunidade Educativa.

Como consecuencia e xa que entendemos que esta é unha actividade que deberá ter continuidade nos próximos cursos, non falamos do fin dun proxecto, senón dun momento de avaliación e continuidade deste, que entende a importancia do proceso lector dentro do desenvolvemento integral da persoa, de tal maneira que nunca se pode dar por concluído.

Queremos sinalar a mellora permanente da biblioteca respecto á actualización dos seus fondos e materiais (libros, revistas, vídeos, xogos, ordenadores...) axeitándoos ás necesidades das distintas etapas educativas, necesidades que coñecemos polos membros do equipo de apoio á biblioteca pertencentes aos distintos equipos e departamentos do centro, así como material de apoio para os alumnos con necesidades educativas especiais e para a formación e integración do elevado número de alumnado estranxeiro do Centro.

Ademais o desenvolvemento de programas de formación ao profesorado no uso da biblioteca axudaron a alcanzar os obxectivos formulados sobre as actuacións de mellora impulsando a autonomía investigadora, a responsabilidade e actuando así como axente de compensación social.

2.HORARIO REAL DO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA.

O responsable da biblioteca escolar é Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez, mestre especialista en educación musical no centro e xefe de estudos deste. O responsable conta con formación específica en relación ás bibliotecas escolares, sendo relator en diversos cursos de formación en diversos centros de formación de Galicia (Ourense, Lugo, Verín, Santiago, A Coruña) e en proxectos de formación de centros (Vilamartín, Chantada). Tamén posúe formación no manexo das TIC deseñando aplicacións de formación de usuarios, paquetes Jclic, LIM, Webquests, Buscas do tesouro, etc. Na actualidade coordina o proceso de implantación das aulas Abalar (aulas TIC) no centro, coordinando e participando como relator no proceso de formación do profesorado implicado neste.

A biblioteca escolar pertence ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) dende a terceira convocatoria, levando catro anos de permanencia neste plan.
A biblioteca permanece aberta todos os día no recreo 12.00 a 12,30h para préstamos e devolucións atendida polo responsable da biblioteca e un equipo de alumn@s colaboradores. Abre tamén todos os días de 14:30 a 15:30 horas no horario do recreo do comedor, entre as sesións de mañá e tarde, e os martes de 17:00 a 18:00 horas, coincidindo co horario de titoría aos pais. Tamén en horario lectivo hai un horario de uso por parte das distintas clases do colexio, ademais do uso que se fai desta por grupos de alternativas á relixión e grupos de apoio.
Todos os días de 10:00 a 11:10 h. o responsable da biblioteca adícase á recollida dos empréstamos polas clases de infantil e primaria, ordena os fondos e fai traballos de catalogación.

Ademais do bibliotecario hai sempre profesores voluntarios para facerse cargo de distintas actividades como "vaille co conto ao profe", ou "A hora dos deberes", así como algúns pais e nais de alumnos en " Os martes... conto".

Os traballos de ambientación, organización e desenvolvemento de proxectos fanse coa colaboración dunha gran porcentaxe do profesorado do centro coordinados polo equipo de apoio á biblioteca, sendo un total 30 profesores /ás os que colaboran habitualmente na realización das distintas actividades.

O equipo de apoio á Biblioteca está constituído neste curso por:
•Consuelo González Rodríguez
•María Carmen Fernández Sueiras
•Xoaquín Freixeiro Álvarez
•Mª del Carmen García Fernández
•Sonia González González
•Angeles Pestaña Barredo

O Equipo de Apoio á Biblioteca está constituído basicamente por un grupo de mestres con anos de permanencia no centro, o que lle confire unha continuidade nos proxectos moi interesante, pero tamén hai profesores de nova incorporación ao centro que achegan as súas iniciativas e novas ideas que enriquecen en boa medida o noso proxecto.
Ademais cada membro do equipo pertence a distintos equipos de ciclo e departamentos, polo que poden levar ás reunións de equipos docentes as propostas da biblioteca, buscar profesorado colaborador nesas reunións, analizar a aceptación das iniciativas do Equipo e a valoración que todo o claustro fai destas, facilitando un proceso constante de retro-alimentación que favorece a corrección inmediata de erros na programación da biblioteca e a mellora constante desta.

1.ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS ACCIÓNS PROCEDEMENTOS E RECURSOS.

1.1.TEMPORALIZACIÓN INICIAL.

Xestión técnica e organizativa:		
1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre

Actividades de capacitación do profesorado Mantemento de catálogo Remodelación do espazo de lectura distendida.	Mantemento de catálogo Formación de alumnado voluntario.	Mantemento de catálogo Formación de alumnado voluntario.
Formación de usuarios		
1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Explicación das normas de funcionamento da biblioteca Folleto explicativo O gardián do silencio	Elaboración de carteis, murais sobre as normas. Coñecemento das distintas obras de referencia e os seus usos. O gardián do silencio	As distintas partes dos documentos. O gardián do silencio
Educación documental.		
1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Hora dos deberes Guías de lectura Cine Club Acceso a internet	Hora dos deberes Guías de lectura Olimpíada do Saber Acceso a internet Proxecto Doctal Integrado Cine Club	Hora dos deberes Guías de lectura Acceso a internet Proxecto Doctal Integrado Cine Club
Animación á lectura		
1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Os Martes...Conto Ven cun conto ao profe Boletín da biblioteca "O Barquiño de Papel" Clubs de lectura Clubs de escritura Exposicións de novidades	Os Martes...Conto Ven cun conto ao profe Boletín da biblioteca "O Barquiño de Papel" Clubs de lectura Clubs de escritura Exposicións de novidades	Os Martes...Conto Vaille cun conto ao profe Boletín da biblioteca "O Barquiño de Papel" Mercado de intercambio A caza do Tesouro Exposicións de novidades

1.2.DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

a)Actuacións en relación coa organización e xestión:

Durante o presente curso organizouse a **zona de lectura distendida** mediante uns separadores que organizan o espazo, e que, como efecto non buscado a priori, conseguiron unha sensible redución do ruído nese espazo.
Non obstante os separadores utilizados foron demasiado pesados para movelos con facilidade e illar a zona de lectura da zona de traballo, que era a nosa idea inicial para permitir compatibilizar as sesións de cine-club dos xoves co traballo na hora dos deberes.

A formación dun nutrido grupo de **axudantes da biblioteca** foi outra das actividades relacionadas coa xestión. Nestes momentos contamos cun equipo de 20 alumn@s

colaboradores, dende 2º de primaria ata 6º. As quendas realízanse coa participación de encargados (alumnos dos cursos superiores) e axudantes (alumnado dos cursos inferiores, dende 2º a 4º), sendo os encargados os que se dedican a formar nas cuestións básicas da xestión os axudantes, nun proceso de auto-formación que nos parece moi interesante, que está a dar uns froitos altamente positivos, e que, polo tanto, insistiremos e potenciaremos no futuro.

Intentamos tamén acondicionar un espazo para a actividade de **conta-contos dos alumnos** maiores aos máis pequenos, colocando dúas cadeiras especiais nun canto da sala de lectura, pero non estamos contentos do resultado, xa que queremos conseguir un espazo máis "teatral". Así nos estamos a formular que, para o curso que vén, comprar uns bancos corridos e organizar nese recanto unha especie de escenario que faga máis atractiva a actividade.
Tamén sinalar, que os alumnos que se prestaron voluntarios para a actividade necesitarán de maior apoio por parte do profesorado, seleccionándolles as lecturas e dando unha mínima formación que garanta un maior éxito da actividade.

b) Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Momento do empréstamo no recreo

En primeiro lugar hai que sinalar a existencia dun horario de hora e media diaria, recreo da mañá e do comedor, na que os alumnos poden acceder á biblioteca e realizar os seus **empréstamos**. Para facilitar o proceso hai dispostas unhas caixas rotuladas co nome de cada curso, nun estante na entrada da biblioteca, onde se depositan os libros unha vez realizado o préstamo, evitando así levar os libros ao recreo co perigo de deterioro ou perda que iso tería.
Polas mañás o encargado da biblioteca pasa a recoller as caixas cos libros devolvidos polas clases, ocasión que se aproveita para facer algún comentario sobre os empréstamos. Tamén nas clases de primeiro ciclo de primaria os alumnos fan un pequeno resumo dos libros que levaron en préstamo, comentándoos aos seus compañeiros.

Durante este curso seguimos desenvolvendo actividades que son xa clásicos da nosa biblioteca, como a edición (impresa e dixital) do noso boletín **"O Barquiño de Papel"**, sinxela publicación na que se anuncian as actividades da biblioteca, se realizan recomendacións lectoras e se da publicidade das creacións dos grupos de escritura e dos traballos de aula editados nos medios dixitais do colexio.

Portada dun número do boletín da biblioteca

Así mesmo continuamos co mantemento de **exposicións**

temporais, por unha parte as relativas ás novidades incorporadas ao catálogo da biblioteca, e noutros casos (letras galegas, terremoto do Xapón) a exposicións temáticas.

"A hora dos deberes" continuou a súa actividade igual que en anos anteriores, facilitando un horario no que o alumnado pode realizar as tarefas escolares facendo uso dos recursos da biblioteca, incluído o acceso a internet xunto dos recursos bibliográficos, e mesmo solicitando axuda do profesorado que se encarga da atención desta. O seu horario é de 14:30 a 15:30 horas, isto é, no horario libre do recreo do mediodía, entre o final da comida do comedor escolar e o comezo das clases da sesión de tarde.

O **blogue** da biblioteca (http://condesa.bloguealiza.org) foi un dos eixes do traballo da biblioteca, contando este ano cunha maior participación que en cursos anteriores. No blogue faise referencia aos proxectos da biblioteca, ademais de publicar nel as producións dos clubs de lectura, traballos documentais e, este ano por primeira vez, servindo de eixo vertebrador ao Proxecto Documental Integrado que se levou a cabo no centro.



Captura de pantalla do noso blogue

Se ben non contamos cunha cantidade enorme de comentarios, estamos contentos coas estatísticas de acceso a este, unhas 500 visitas, cantidade que se vai incrementando ano tras ano e que esperamos superar en futuros cursos. Cremos que a calidade do blogue tamén aumentou con moitas achegas de produción propia que o fixeron moito máis atractivo.

O **club de lectura de mestres** quedou este ano a barbeito, debido en boa parte ao esforzo que o profesorado realizou para a posta en marcha do Proxecto Documental o que minguou a dispoñibilidade de tempo para realizar outras actividades. Con esta iniciativa pretendíase dar unha serie de orientacións para a elección de itinerarios lectores, suxestións para ás lecturas dos clubs de lectura do alumnado así como para ás adquisicións da biblioteca. Aínda así, funcionando dun xeito irregular, fíxose un labor importante na lectura previa do material bibliográfico destinado ao proxecto documental, intercambiando informacións en cada ciclo sobre o tema específico que tiña asignado no PDI, así como nas lecturas de Sadako realizadas a raíz do terremoto de Xapón e a fuga nuclear de Fukushima.
Para o curso que vén estamos determinados a volver dar continuidade e organización a este club, xa que ás súas achegas (en forma de fichas valorando todos os aspectos das obras, dende encadernación, temática, estilo ou ilustracións) resultaron de moita utilidade na política de compras da biblioteca, así como nas recomendacións lectoras para clubs e itinerario lector do centro.

c)Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación documental):

Durante este curso ou Equipo de Apoio á Biblioteca continuou elaborando **webquests e buscas do tesouro** para complementar o programa de visitas ao contorno previstas no centro. Dende infantil ata 6º de primaria establecéronse unha serie de visitas de puntos neurálxicos do noso ámbito máis próximo, para coñecer as nosas institucións máis significativas, os servizos e medios de vida da bisbarra. A Cooperativa Vitivinícola, panadaría, hospital, veterinario, concello, oficina de correos, biblioteca pública... son algúns dos lugares que se acordaron visitar, a razón de 2 lugares por nivel educativo. Dende a Biblioteca en anos anteriores elaborásense webquests relativas ao pan (http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/webcereais/index.html), á produción de viño (http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/wine/index.html), e ás funcións da biblioteca pública (http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/procurabiblios/index.html). Este ano elaboráronse materiais referidos ao parque de bombeiros, veterinario, supermercado e oficina de correos, co que continuamos na liña de ampliar o alcance destas visitas, conectándoas a unha actividade de tratamento da información que ás enriquece en boa medida. Procuraremos nos próximos cursos ampliar esta oferta con recursos web sobre ás canteiras de lousa, centrais hidroeléctricas, concello e hospital.

Continuamos tamén realizando **actividades virtuais de formación de usuarios** referidas ao coñecemento das normas e organización da biblioteca, os distintos tipos de obras de referencia e os distintos elementos dous documentos que nos permiten acceder ás informacións que posúen. Estas actividades están realizadas utilizando Jclic, e trabállanse nas sesións de formación de usuarios presenciais de benvida á biblioteca durante o primeiro trimestre, e, para os alumnos dos cursos superiores, nas sesións que realizan no segundo e terceiro trimestre.

Creamos un **mapa interactivo da biblioteca** onde se mostra a distribución dos fondos e as distintas seccións cos servizos que nelas se prestan, e que se traballan nas sesións presenciais de formación de usuarios, aínda que tamén son accesibles dende a web.

Para o profesorado que chega novo ao centro, así como o alumnado que se incorpora durante o curso, elaboramos unha **guía de benvida** da biblioteca onde se explican os servizos ofertados, as normas de utilización e de comportamento ademais dalgunhas recomendacións sobre todo en relación ao uso dous recursos informáticos. Á parte da edición en papel da guía, está dispoñible na rede

Xunto a estas actividades realizamos tamén actividades de coñecemento do **funcionamento de recursos da rede,** como son Google e Wikipedia, mediante uns titoriais realizados con Wink, que veñen demostrando unha grande utilidade para o noso alumnado, e mesmo para alumnado doutros centros, tal como nolo fixeron saber compañeiros doutras bibliotecas escolares que usan o noso material.

Por fin, neste ano, conseguimos convencer a todo o colexio para embarcarnos na realización dun **proxecto documental integrado**, coordinado en conxunto pola Biblioteca e o Equipo de Normalización Lingüística do centro. O tema elixido foi "celtas e romanos en Valdeorras", e cada curso traballou algún aspecto desa época: Minaría romana, a Vía Nova, restos no idioma, lendas, sociedade romana e celta, a música, as matemáticas, as crenzas... O traballo, realizado dende infantil ata 6º de primaria, deu como resultado a montaxe dunha exposición na que @s alumn@s das distintas aulas exerceron de cicerones desta, explicando o contido dos carteis elaborados nas distintas aulas sobre os aspectos estudados, e a edición dun libro cos descubrimentos realizados durante o proceso.

Un dos carteis da exposición ao remate do PDI

A biblioteca tivo un papel preponderante na actividade, poñendo a disposición das distintas clases a bibliografía dispoñible, marcando as distintas fases do proxecto, coordinando a exposición, organizando conferencias con especialistas locais no tema... Sinalar, como xa se dixo, a achega do profesorado que analizou previamente os documentos que se investigaron así como as achegas de sitios web con información relevante para a investigación. Sinalar que o claustro propuxo, e así se fixo, que para motivar ou alumnado, a celebración do entroido se centrase neste tema, o que incidiu de xeito moi positivo en promover o interese polo tema da investigación.

A valoración do claustro ao remate do proxecto foi moi positiva e, tal e como demostra a enquisa pasada pola biblioteca ao profesorado, hai un parecer unánime de repetir con outro proxecto cara o ano que vén.

Outra actividade, neste caso non novidosa senón un clásico da nosa biblioteca, é **"A olimpíada do saber "** concurso no que os alumnos participan en pequenos grupos para tratar de desentrañar enigmas mediante unha serie de pistas que se van facendo públicas día tras día. Durante seis semanas a práctica totalidade dos alumnos de primaria participaron neste concurso, dividido en dous niveis de dificultade, que este ano versou sobre o tema do PDI, é dicir, celtas e romanos, aumentando deste xeito a motivación para ás tarefas de investigación que estaban a levar cabo.

Cartel coa resposta dun dos enigmas da Olimpíada do Saber

Sinalar por último, en referencia á educación documental, que este ano ampliamos a nosa oferta de **postos informáticos** ata tres ordenadores, estando, non momento en que elaboramos esta memoria, á espera de ampliar con outros dous ordenadores máis a oferta. Os postos informáticos pódense usar para navegar na rede (a excepción de redes sociais) en períodos de 15 minutos. Grazas a unha maior incidencia dos encargos de

traballos de investigación do profesorado titor, e dos concursos (Olimpíada do saber) e proxectos, este ano conseguimos que o uso dos ordenadores fose na súa maioría para tarefas de investigación, a diferenza doutros anos nos que primaba o uso lúdico.

Noutra orde de cousas queremos salientar o nacemento dunha nova figura na biblioteca por proposta do comité ambiental do centro: **o gardián do silencio**. Na súa auditoría ambiental, ou comité da Axenda21, manifestou ou seu desexo de colaborar na redución do ruído ambiental na biblioteca, e entre as propostas que xurdiron tras a súa discusión nas clases, decidimos adoptar a do gardián do silencio, alumno que recorda aos usuarios máis ruidosos a necesidade de manter unha actitude de respecto cara aos outros usuarios baixando o volume. Certamente con este simple recordatorio conseguimos baixar o nivel de ruído existente, xerado na súa maior parte debido á coexistencia de distintas actividades no espazo da biblioteca durante os períodos de recreo, tales como a elaboración de traballos en equipo, lectura distendida, o servizo de préstamo ou a realización de xogos educativos de mesa (trivial, tangram, miniarco...).
Mención á parte merecen os axudantes da Biblioteca, como xa se sinalou en apartados anteriores, que xestionaron os préstamos, as quendas dos ordenadores... deixando ás funcións do encargado a un mero labor de supervisión.

d)Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro:

As actividades de fomento da lectura son un dous eixes fundamentais da actividade da Biblioteca e correspóndense con actividades moi ben valoradas por toda a comunidade escolar. Iso non quere dicir que se convertan en actividades estáticas, se non que constantemente estanse a renovar en función de correccións que se introduce segundo se van detectando defectos na súa formulación.

Para comezar queremos sinalar o **Programa de Lectura Silenciosa Sostida**, que se desenvolve todos os días nos primeiros quince minutos de clase. Para non prexudicar a extensión horaria de ningunha materia en particular, optamos por modificar o horario da mañá, repartindo eses quince minutos entre as tres sesións do horario matutino, quedando así estas clases cunha duración de 55 minutos. Durante o período de lectura silenciosa cólgase no manubrio da porta un cartel de “non molestar, estamos a ler”, que marca así ou comezo da actividade, acompañada de música ambiental emitida pola megafonía interna do colexio.

Este programa pretende fomentar unicamente o pracer de ler, creando un hábito diario de práctica lectora. Non é unha actividade avaliable, aínda que no boletín informativo aos pais se valora a actitude demostrada polo alumnado en relación á actividade. As lecturas son elixidas libremente polos alumnos e realízanse en silencio. Co fin de proporcionar títulos para as lecturas, os titores acoden á biblioteca central para renovar, cunha periodicidade mínima trimestral, as bibliotecas de aula con libros de temática e complexidade alcanzables para os alumnos reais da aula, isto é, adaptando á oferta bibliográfica a individualidade de cada

alumno particular.
Tamén moitos alumnos acoden á biblioteca a realizar préstamos para obter libros do seu interese para esta actividade, en bastantes casos influídos polas recomendacións lectoras realizadas a través do blogue da biblioteca ou do boletín da biblioteca “O Barquiño de Papel”.

Outra actividade que se leva realizando dende hai moitos anos e que aínda así segue mantendo unha grande aceptación entre o alumnado é a de **"Vaille co conto ao profe"** que consiste en que nos recreos un profesor se sitúa nunha mesa de braseiro na biblioteca en situación de dispoñibilidade para que calquera alumno lle vaia ler voluntariamente un conto. Non se trata dunha actividade escolar, máis ben dunha inversión de roles, onde o neno conta e o adulto escoita un conto, sen ningún tipo de actitude avaliativa. O noso obxectivo é o de animar á lectura, de expresar o pracer de ler, de compartir as lecturas favoritas... dun xeito divertido e motivador.

"No recreo cos máis pequenos" é outra actividade de conta contos que comezou este ano a súa andaina, e que pretendemos mellorar na súa formulación o ano que vén. Se trata de que os alumnos de cursos superiores conten contos aos máis pequenos, fundamentalmente de ensino infantil, durante os períodos dos recreos. Durante este curso tivemos algúns problemas dos que en parte xa se falou en anteriores puntos desta memoria, referidos á necesaria mellora do lugar de realización da actividade, pero tamén á súa publicidade, escasa e mal realizada, e, en fin, á súa organización horaria para evitar a confluencia con outras accións realizadas na biblioteca que interferiron na súa realización. Aínda así valoramos de xeito moi positivo a actividade, que xunta elementos de animación á lectura, co compañeirismo, a solidariedade, o traballo voluntario...

En canto á actividade de **" Os Martes... conto"** tras algúns anos en que, debido ás obras de ampliación da biblioteca, non tivo un funcionamento regular, volvemos incorporala ás actividades de animación á lectura que programamos na biblioteca. Esta actividade está dirixida aos alumnos de infantil de 3 e 4 anos, que non acceden de forma autónoma ao servizo de préstamo durante os recreos. Para favorecer o seu primeiro contacto coa biblioteca, abrimos esta os martes de 17:00 a 18:00 h. en horario coincidente co de titorías, engadindo á oferta do servizo de préstamo un sinxelo conta-contos realizado en anos anteriores por profesorado do centro, pero que nesta ocasión asumiron as familias do alumnado por quendas establecidas polo equipo de apoio á biblioteca entre os pais/nais voluntari@s. Parécenos que a implicación das familias é realmente importante e a valoramos enormemente, polo que pensamos que deberiamos mellorala aínda máis intentando que os pais introducisen distintas técnicas no conta-contos para o que pensamos organizar un obradoiro para o curso vindeiro, coa colaboración do grupo de teatro afeccionado "Gargallada" da nosa localidade.

Outra actividade que se seguiu realizando durante este curso foi a dos **clubs de lectura e de escritura,** que levan catro anos xa en funcionamento. En canto aos primeiros funcionaron 6 clubs con 80 participantes que cursan dende 3º de primaria a 6º. Pola súa banda os clubs de escritura, que este curso funcionan por segundo ano, tiveron unha asistencia de 40 alumnos de 5º e 6º de primaria repartidos en 4 clubs. A participación nos clubs é voluntaria e as súas sesións desenvólvense no horario de recreo, entre as 12:05 e as 12:35 horas. As reunións de ambos os dous tipos de club foron semanais, sendo

dirixidos polos seus respectivos profesores coordinadores. Somos conscientes de que a función dos clubs de escritura e de lectura en primaria, máis que a de compartir lecturas como sucede cos clubs de adultos, se trata de ir traballando unha afección, de aprender a ler e a descubrir o que esconden os textos, de manter un ritmo de lectura (sabemos que moitos abandonos do hábito lector se producen cando os libros pasan de ter un tamaño alcanzable para a lectura nun día, aos que requiren varios días para rematar a súa lectura). É nesta filosofía na que repousa a nosa concepción do club de lectura, distinta por completo aos clubs de secundaria, e por suposto dos promovidos dende as bibliotecas públicas. A metodoloxía do coordinador é a do animador, motivador, explicando en moitos casos pasaxes que puideron ser deficientemente interpretados, creando multitude de actividades de carácter lúdico que enganchen aos alumnos á lectura.

Pola súa banda os clubs de escritores intentan crear unha afección á escritura partindo da estimulación da fantasía, seguindo, en boa medida, as liñas de traballo que marca Rodari na súa "Gramática da Fantasía". Binomios fantásticos, contos colectivos, micro-relatos, elaboración de adiviñas.... son algúns dos exemplos de actividades que se desenvolven nestes grupos de incipientes escritores. O blogue da biblioteca acolle algunhas das creacións dos clubs de escritura, así como tamén a revista do colexio editada con motivo das letras galegas "Trágame Terra".

Cara ao final do curso, xa no mes de xuño, celebraremos unha nova edición de **"a busca do Tesouro",** unha actividade de conta-contos nos que se presenta un enigma que os nenos deben resolver. Tras a actividade saen a buscar polo patio do colexio figuras que representan, entre imaxes falsas, a resposta correcta ao enigma formulado. Esta é unha actividade realizada polo profesorado do centro, e que nas súas preto de 8 edicións, pasou por distintos tipos de organización, pero que nos últimos anos se realiza dramatizando contos clásicos.
A actividade resulta moi atraente para os pequenos, que gozan vendo os profesores representando as obras, e que promove, como non, a lectura en soporte papel das obras representadas.

Por suposto que tamén se realizan actividades de **conta-contos e encontros con escritores e ilustradores**, sendo neste caso as editoriais as que se encargan de traer a actividade ao centro. Destacamos este ano a presenza do grupo de conta-contos de Editorial Kalandraka, a visita do ilustrador Abraham Carreiro da man de Consorcio Editorial Galego e de Fina Casalderrey por Edicións Xerais de Galicia

Momento do conta-contos de Editorial Kalandraka

e)Outras Actuacións:

Seguimos, como en anos anteriores, empeñados en **mellorar a nosa Web** dotándoa de novos contidos de elaboración propia, como webquests, imaxes interactivas, a edición dixital do boletín da biblioteca, buscas do tesouro, libros LIM sobre os autores

homenaxeados nas letras galegas... localizando estes engadidos na páxina de proxectos desta.
A páxina, aloxada dentro do espazo web do colexio, recibe numerosas visitas tanto dos nosos alumnos coma de compañeiros doutros centros da nosa comunidade, aproveitando así máis eficientemente os recursos creados.

Un momento del mercado de intercambio de libros del día 26

Dentro das celebracións do día do libro celebramos este ano a segunda edición do **mercado de intercambio de libros**, edición na que corriximos algúns defectos de organización detectados na primeira convocatoria. Así este ano, para evitar aglomeracións e permitir que o nivel dos libros a intercambiar fose parello, organizamos tres mercados, un para o nivel de infantil, outro para 1º, 2º e 3º de primaria, e un terceiro para os cursos de 4º, 5º e 6º. O mercado tivo lugar os días 25, 26 e 27 de marzo, á volta das vacacións de Semana Santa, e ao igual que o ano pasado supuxo un éxito de participación e obtivo moi boas valoracións por parte de todos os sectores da comunidade escolar.
O mecanismo do mercado é moi sinxelo, os nenos traen libros de casa que queiran intercambiar, dándoselles un bono (un billete de dólar coa efixie do autor das letras galegas de cada ano) que conservan ata o día do mercado. O día do mercado a biblioteca convértese nun mercado cos seus postos de venda, onde se "vende" cada libro por un billete do mercado. Os libros que se poden traer para o mercado deben estar en boas condicións de encadernación, sen pintar e adecuados á idade do neno participante, asegurando así que o intercambio sexa igualitario.
Pensamos que con esta actividade conseguimos dar máis vida aos libros poñéndoos en mans de novos lectores, unha medida en sintonía cos obxectivos ambientais e solidarios da Axenda21 que promove o noso centro, á parte de constituír un evento lúdico moi do agrado do alumnado.

Noutra orde de cousas adquirimos este curso un **e-reader** coa finalidade de ir mostrando o futuro da lectura nas nosas sesións de formación de usuarios. A nosa idea é a de ir ampliando, pouco a pouco, a dotación deste material para que os nenos se vaian familiarizando coas novas tecnoloxías aplicadas á lectura, incluíndo, a partir do próximo curso, sesións de formación de usuarios nas que os nosos alumnos poidan ir practicando o manexo destes dispositivos de lectura electrónica.

Este ano e por segundo curso consecutivo, mantivemos a actividade de **Xoves de Cine**, co fin de dar uso á área de audiovisuais da biblioteca, dotada cun ordenador con conexión a internet un proxector e unha pantalla despregable. Convencidos de que a programación televisiva actual priva os nenos de verdadeiras xoias do cine (Chaplin, Buster Keaton, Harold Lloyd, Stan Laurel, Oliver Hardy ou Houdinni) decidimos, no horario do recreo do comedor dos xoves, proxectar películas de cine mudo e documentais que puidesen ter interese para o público infantil. O éxito foi rotundo en canto a asistencia ás sesións, aínda

que debemos sinalar que, como se comentou no apartado de organización de espazos, queremos mellorar o illamento da zona de proxección da outra sala da biblioteca para que unhas actividades non interfiran nas outras.
Tamén queremos salientar que esta zona de audiovisuais se utiliza bastante por parte dos grupos clase dentro do horario escolar para visualizar vídeos educativos, programas informáticos, navegar na rede, etc...

2.GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Partindo dos criterios de calidade e de excelencia educativa o título do noso proxecto (Unha biblioteca para tod@s) pretende expresar o noso concepto do que debe ser unha biblioteca escolar, un lugar aberto a toda a comunidade escolar, con multitude de servizos adaptados ás necesidades e preferencias de cada un, un lugar accesible e acolledor no que desenvolver as nosas potencialidades como cidadáns críticos, creativos e solidarios, e que se encontra en permanente actualización, ofrecendo sempre os recursos máis actuais.

O profesorado máis implicado na marcha da biblioteca participou este curso nun **grupo de traballo** que elaborou webquests e miniwebquests relacionadas co coñecemento do ámbito do centro e como complemento á programación de saídas escolares do alumnado dos distintos ciclos e niveis. Así mesmo hai que sinalar a elevada participación do profesorado titorizando actividades da biblioteca (clubs de lectura e escritura, vaille co conto ao profe, a busca do tesouro...), pero sobre todo na unánime participación no Proxecto Documental Integrado (Celtas e Romanos en Valdeorras) desenvolvido por proposta do equipo de biblioteca. Tamén se debe facer referencia á, cada vez, maior implicación do profesorado na elaboración de contidos para o blogue da Biblioteca así como de recursos para a Web.

En canto ao alumnado xa se sinalou a importancia dos **voluntari@s** nas tarefas de xestión da biblioteca, pero tamén debemos remarcar a elevada participación en actividades voluntarias que se desenvolven no tempo libre dos alumnos, como o concurso da Olimpíada do Saber, clubs de lectura e escritura, uso dos postos de acceso a internet, participación nas sesións de cine-club dos xoves, ou o uso, que aumenta diariamente, dos alumnos que utilizan a Hora dos Deberes para realizar as súas tarefas escolares na biblioteca.

As **familias** do alumnado colaboraron en actividades de conta-contos enmarcadas na iniciativa de "Os martes... conto".

Nesta mesma liña de implicar a toda a comunidade, os alumnos do colexio visitan a **biblioteca municipal** no primeiro curso de primaria, institución da que se fan socios no transcurso da visita e á que xa coñecen previamente grazas a actividades virtuais elaboradas polo equipo de apoio á biblioteca escolar.
Aínda que pretendemos seguir ampliando e mellorando a participación de cada un dos segmentos da comunidade educativa do centro nas actividades da biblioteca, non podemos deixar de estar contentos cos resultados obtidos ata o momento, xa que a participación é moi grande en profesorado e alumn@s, e non deixa de incrementarse no que se refire ás familias.

3.GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE DAS DIVERSAS ÁREAS DO CURRÍCULO

En canto á adquisición das competencias básicas resulta evidente que a biblioteca e as actividades que propón para a súa realización nas aulas, teñen un importante papel e non só nas competencias relacionadas coa lectura e a escritura. Especial relevancia teñen na nosa programación as actividades encamiñadas á adquisición da competencia no tratamento da información e a competencia dixital así como a competencia para aprender a aprender.

Cando traballamos a autonomía na procura de documentación e de informacións, cando proporcionamos accesos a internet para realizar as nosas procuras de información, cando dun xeito lúdico ao través da olimpíada do saber, promocionamos o uso de internet como fonte de informacións, estamos, sen dúbida, traballando a adquisición destas competencias.

Unha das Cicerones da exposición de Castrexos e Romanos en Valdeorras

Durante este curso tanto os alumnos de 5º curso de primaria, como os de ensino infantil, realizaron traballos con **proxectos de investigación**, nos que a biblioteca colaborou co asesoramento bibliográfico, e que resultan importantes na adquisición e afianzamento de habilidades que concorren ao desenvolvemento das competencias básicas xa aludidas. Pero onde máis se notou esta integración no proceso de ensino aprendizaxe foi na realización do **Proxecto documental**, do que xa se ten falado polo miúdo nesta memoria, e que, tras a avaliación das actividades polo profesorado resultou que se valoraba moi positivamente a repetición dun proceso similar cara o curso que vén.

Noutro orde de cousas a Biblioteca colabora coas aulas na realización dos deberes, aportando bibliografía e apoio aos rapaces que a visitan con este fin. Tamén é importante o labor de empréstamo de libros para os exercicios de lectura, e as visitas que as aulas realizan á biblioteca para desenvolver nela determinados temas usando dos servizos e recursos que atopan nas instalacións.

4.PRODUCIÓN DE MATERIAIS

No apartado de produción de materiais debemos sinalar tres eixos fundamentais, un que se refire ás edicións do barquiño de papel, un segundo ás miniwebquests e procuras do tesouro elaboradas polo persoal do equipo da biblioteca e un último que se refire á

elaboración do proxecto documental integrado.
1.**Barquiño de Papel**. Como xa se comentou este é o voceiro da biblioteca, que informa das actividades que se van poñer en marcha ao tempo que aproveita para realizar recomendacións lectoras e mesmo reseñas literarias.
Este ano fixéronse tres edicións, un primeiro número adicado á posta en marcha da actividade dos martes conto, un segundo número no que se puña en marcha a Olimpíada do Saber, e que serviu de boletín de participación, e por fin un terceiro número no que xunto ás actividades de solidariedade co pobo de Xapón se falaba do mercadiño do libro e se facía unha pequena anotación sobre Lois Pereiro.
2.No segundo apartado, o referido ás **procuras do tesouro** elaboradas este ano, sinalar o xa comentado en puntos anteriores: realizáronse 4 webquests sobre o estudo do contorno (bombeiros, supermercado, veterinario e correos, accesibles todas elas dende a páxina de proxectos da biblioteca) a máis dunha miniwebquest sobre os instrumentos da música africana realizada dende a aula de música.
3.En canto ao terceiro apartado, o do **proxecto documental**, tras o proceso de investigación producíronse dous documentos, un libro no que se recollen extensamente as distintas producións das clases, e unha exposición que se situou no corredor de entrada á biblioteca pero á que tamén se pode acceder virtualmente, ben dende o blogue ou ben dende issuu.

Tamén sinalar a realización dun LIM sobre a vida e obra de Lois Pereiro, a publicación en papel e na rede do folleto de benvida á biblioteca, unha liña do tempo sobre Lois Pereiro, e a colaboración na revista escolar Trágame Terra que completan a listaxe de materiais realizados pola Biblioteca escolar este ano.

1.AVALIACIÓN

Toda avaliación que tente servir á mellora dun proceso ha ser permanente e contínua, e ese é o carácter que dende o equipo da Biblioteca queremos dar á mesma, tentando introducir as medidas correctoras das eivas existentes en canto son detectadas. A este proceso axuda o feito de os membros do equipo pertenceren aos distintos equipos de ciclo e departamentos que existen no colexio, co que existe unha retro-alimentación constante de toda a actividade do equipo.

Asemade realízanse avaliacións iniciais e finais do proxecto da biblioteca, para o que empregamos enquisas ao profesorado e a mostras representativas do alumnado, nas que pedimos que se valoren os servizos ofrecidos pola biblioteca, as súas actividades, o seu funcionamento, así como as súas valoracións sobre o efecto que a nivel de potenciación do hábito lector e sobre a competencia no tratamento da información teñen as actividades programadas. Hai que sinalar que a análise do resultado destas enquisas, tanto nos últimos anos como no presente, foron altamente positivas.

Os membros do Equipo de apoio son os encargados de propoñer debates, recoller críticas, apuntar melloras nas actividades nos diferentes equipos de ciclo nos que participan, segundo van xurdindo na vida cotián do colexio.

Tamén temos en conta, á hora de valorar a nosa actividade, unha serie de parametros indicadores da adecuación da nosa actividades ás necesidades da comunidade escolar á

que van dirixidas. Estes indicadores, xunto coa valoración que deles facemos, son os seguintes:



1.**Número de empréstamos** realizados: Este ano fixemos, na altura da realización desta memoria, 6339 empréstamos ao alumnado por 715 ao profesorado, datos na liña dos anos anteriores, e que dado que aínda queda un mes de curso por diante, pode supoñer unha certa melloría.

2.Dinámica das **Bibliotecas de Aula** (renovacións durante o curso, número de empréstamos realizados). Os 715 empréstamos realizados ao profesorado se corresponden a grosso modo coas renovacións realizadas nas bibliotecas de aula, e supón un número menor que en anos anteriores. Entendemos que este descenso debeuse fundamentalmente a que no terceiro ciclo constituíron as bibliotecas de aula con libros que o alumnado trouxo da súa casa, polo que estes cursos a penas empregaron a biblioteca central para este fin.

3.**Participación** do alumnado nos clubs de lectura e escritura. O número de alumnos anotados nestas actividades, que, insistimos, se realizan en horario do lecer do alumnado, foi de 80 nos clubs de lectura e 40 nos de escritura, sobre un total de 184 alumnos aos que ía dirixida a actividade, isto é un 65% do total.

4.**Participación** na "Olimpíada do Saber": No primeiro nivel de participación (1º, 2º y 3º) participaron 44 equipos con 132 membros, mentres que no segundo grupo de participantes foron 30 grupos con 90 alumnos. Pensamos que é un número moi interesante de participación se temos en conta que a totalidade dos alumnos desta etapa é de 275, dos que 222 tomaron parte do concurso.



Alumnado participante nas actividades sobre o total de destinatarios posibles

5.**Clases participantes no Proxecto Documental**: Todos os cursos de infantil e primaria participaron no proxecto, na meirande parte dos casos mediante a coordinación dos profesores titores, e nalgún caso excepcional coa titorización de profesorado especialista.

6.**Apreciación do profesorado** sobre a mellora da eficacia lectora e escritora do alumnado da súa titoría: Realizouse unha enquisa entre o profesorado nas que se valorou como moi positivas e interesantes as actividades desenvolvidas pola biblioteca. Aínda así debemos estar atentos a unha mellor publicitación das actividades, xa que é neste aspecto onde as valoracións baixan un pouco. Tamén teremos

que esforzarnos en mellorar o nivel de ruído nos recreos, que como xa se comentou ten mellorado substancialmente, pero aínda así segue a ser o maior problema que o profesorado sinala nas enquisas, e que se debe, fundamentalmente á alta ocupación, e ás múltiples actividades que se desenvolven simultaneamente.



Estatísticas enquisa profesorado. Reflíctese o nivel de coñecemento das actividades da Biblioteca e a valoración pedagóxica das mesmas.

1.Número de **profesorado voluntario** nas actividades da Biblioteca: En actividades como a lectura silenciosa participa todo o profesorado do centro, nas quendas de escoita de contos de "Vaille co conto ao profe" son 25 os voluntarios. Nos clubs de lectura e escritura son 12 profesores coordinadores que participan semanalmente. Valoramos enormemente esta cooperación dado que son moitas actividades realizadas en tempos de descanso e que sen embargo o profesorado asume con gran entusiasmo.
2.**Cantidad e calidade dos distintos traballos elaborados**: Os traballos da biblioteca realizados este ano son mútliples (Miniwebquests elaboradas polo profesorado, carteis e documentos de texto relativos ao PDI, textos elaborados polos clubs de escritores...) e de todos eles estamos moi satisfeitos pola súa calidade así como polo interese que se demostrou na súa elaboración.
3.Número de **visitas ao blogue** e comentarios deixados neste: Aínda que non dispoñemos dun contador de visitas, as estatísticas de uso do blog mostran un uso bastante continuado deste, cunha media de 2-4 visitas diarias, con picos que poden chegar a 47 en determinadas datas, como por exemplo cando se colgan vídeos de festividades escolares. Aínda que imos mellorando, é este, sen lugar a dúbidas, un espazo para o traballo co fin de aumentar a participación da nosa comunidade no blogue.

Para concluír hai que destacar o **alto grao de satisfacción do profesorado** e a implicación en todas as actividades realizadas, tanto individuais como as realizadas en grupo. Foi moi positiva a achega de críticas construtivas, a constante renovación das bibliotecas de aula, a participación no proxecto documental (case un 100% do claustro), os coñecementos básicos adquiridos no manexo do programa de xestión bibliotecaria en uso no colexio, Abies 2.0 e tamén a incorporación de actividades de animación á lectura e escritura creativa en práctica docente nas aulas.

1.PREVISIÓNS DE FUTURO

Respecto dos proxectos de actuación para o futuro hai que sinalar que para o próximo curso ademais de continuar coas actividades fixadas ao longo destes anos desexamos mencionar que:

•Queremos iniciar un taller de conta-contos para dar maior capacitación ás familias que participan en " Os martes... Conto"

•Queremos mellorar o illamento das dúas salas da Biblioteca para non empecer a actividade do cine club dos xoves.

•Queremos aumentar a presenza no noso catálogo da banda deseñada.

•Queremos conseguir que o uso da biblioteca polos grupos clase sexa dun mínimo dunha hora semanal.

•Queremos programar ciclos de cine sobre algún eixe temático, para o que procuraremos a colaboración do cine club local Groucho Marx.

•Queremos dotar ao boletín da biblioteca dunha periodicidade máis estrita e incorporar máis producións literarias así como traballos de investigación do alumnado do centro

•Queremos ir mellorando na realización dos PDI, conseguindo que os alumnos comecen a ter un papel máis activo na elección do tema e no deseño do plan de traballo.

•Queremos mellorar o mobiliario da biblioteca e ampliar a dotación de xogos educativos.

•En definitiva, queremos que a nosa biblioteca siga sendo un lugar aberto, accesible, lúdico, laborioso, imaxinativo, creativo, un lugar enchido doutros lugares, solidario e crítico. Queremos en fin un lugar de tod@s, que día a día construímos entre tod@s, e que ofrecemos física e virtualmente a tod@s os que desexen achegarse... a un libro!!!

O responsable da Biblioteca	Vº e Prace O Director
Asdo.: Xoaquín Freixeiro Alvarez	Asdo.: Francisco Pérez Lemos